

# VISITA E COÑECE GALICIA

Tipo 1: Espazos Naturais da Reserva da Biosfera das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

## ENCORO ABEGONDO-CECEBRE

6 ABRIL

Guiada pola Sociedade Galega de Historia Natural, Delegación As Mariñas.

### Duración?

De 10.00 a 14.00h (hora de chegada estimada)

### Quen pode participar?

Adultos en xeral

### Como solicitar a praza?

A través dun formulario online en [www.sada.gal](http://www.sada.gal)

### Prazo de solicitude

Dende a publicación na web até o 30 de marzo

A listaxe de adxudicación de prazas será publicado o 2 de abril

### Equipamento

Roupa e calzado deportivo

Prismáticos (opcional e recomendable)

Protección solar, gorra e auga

### CONTIDOS DA VISITA

Coñeceremos a contorna do encoro e as aves, podendo ver a parada nupcial dos mergullóns cristados e a chegada das aves estivais (distintos tipos de andoriñas, millafres, etc.). Outro habitante asiduo é a lontra.

Partirase do observatorio de Crendes cara á cola norte do encoro por camiños de terra (bacia do Mero), nun percorrido liñal de 1,5 km sen desnivel (3 km entre ida e volta), facendo paradas para observar a avifauna.

### TEN EN CONTA QUE...

- Está incluído o transporte en minibús ida e volta dende Sada.
- Hai 20 prazas por roteiro, en caso de máis solicitudes que prazas, haberá sorteo e terán preferencia as persoas empadroadxs.

**SE TES ALGUNHA DÚBIDA PODES CONTACTAR**

Oficina da Xuventude 981.620331

[omixsada@gmail.com](mailto:omixsada@gmail.com)

